

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Miguel Ángel Mirás Calvo	
Enderezo electrónico: mmiras@uvigo.es	Teléfono: 986 812 449
Co-dirección do proxecto	
Nome: Estela Sánchez Rodríguez	
Enderezo electrónico: esanchez@uvigo.es	Teléfono: 986 812 493
Bienio:	22/24
Nº Participantes (máx.4):	

Título

A arte das reparticións xustas

Resumo

Repartir cando hai de sobra é realmente sinxelo. As desavinzas xorden cando debemos dividir un ben escaso entre varias persoas demandantes: reparticións de herdanzas, a bancarrota dunha empresa, as taxas a pagar para levar a cabo un proxecto público, a adxudicación dos escanos ás formacións políticas logo dunhas eleccións, o reparto dos dereitos de emisión dos gases de efecto invernadoiro entre os países máis contaminantes, a distribución das vacinas, etc. Todos estes problemas admiten unha formulación matemática relativamente sinxela. Grazas ao dito modelo non só podemos propoñer diversos métodos de reparto senón tamén analizar as súas propiedades para ver cal é o que mellor se adapta a unha situación concreta ou cal é máis “xusto”.

Obxectivo

O traballo, pois, consistiría en estudar o modelo básico dos problemas de repartición, buscar situacións concretas de actualidade onde poidan darse estes problemas e aplicarlles as solucións teóricas vistas. O estudantado familiarizaríase coas ideas relativas á proporcionalidade, á economía matemática e á teoría dos xogos.

Plan de traballo